

# ALCOUVE

CEIP CABANAS

CURSO

2016/17



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

**ÍNDICE**

<i>Limiar</i>	2
<i>Reformulando para resolver conflitos</i>	3
<i>Salón do libro</i>	6
<i>O tiburón Max</i>	9
<i>Samain</i>	11
<i>O magosto</i>	13
<i>Teatro de sombras</i>	16
<i>Aqualogía</i>	17
<i>Pípirope, o zombi feiticeiro</i>	21
<i>Pequenas historias para grandes compañeiros</i>	23
<i>A arca de Noé</i>	31
<i>Coñecemos o sexto edificio do museo</i>	32
<i>Os pequencociñeiros</i>	34
<i>Frutitour</i>	36
<i>Os peques fan cine</i>	38
<i>My favourite book</i>	40
<i>Un verán de lecturas</i>	41

Saúdos queridos lectores e lectoras!

Un ano máis o mes de xuño vai chegando ao seu final e con el remata tamén o curso escolar 16/17.

Un curso no que, coma membros das Escolas Unesco traballamos segundo os 17 obxectivos de desenvolvemento sostible marcados pola rede.

Atrás quedaron moitos meses de traballo e de esforzo; moitas actividades, experiencias e vivencias.

Querémosvos, coma sempre, traer unha pequena escolma delas para que compartades connosco un pouquiño da nosa andaina polo curso que agora acaba.

Esperamos que as disfrutedes xa que o alumnado puxo nelas a mellor das súas intencións.

Un saúdo

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega



## REFORMULANDO PARA RESOLVER CONFLICTOS

Durante este curso, o alumnado de 5º e 6º participamos nun proxecto moi interesante da Facultade de Ciencias da educación e do Deporte. Un proxecto de innovación educativa denominado " Estratexias lingüístico-discursivas e técnicas de mediación para construír un contexto de paz en Educación Primaria".

Este proxecto pretende promover a convivencia no centro educativo mediante a utilización de diversas técnicas de mediación, especialmente a reformulación partindo da escoita activa e o reforzo da empatía.



As formadoras en mediadores no noso centro foron Ana e Macarena. Esta experiencia foi moi positiva para nós, polo tanto, queremos contarvos en que consistiu e o que aprendemos.

A aprendizaxe para ser mediadores baseouse na escoita activa, na empatía e na reformulación.

Primeiro , comezamos coa escoita activa, na que realizamos varias técnicas e exercicios. Técnicas que tiñan como obxectivo escoitar as opinión dos demais sen interromper, respectando o que din os compañeiros.

Despois da escoita activa, comezamos coa empatía. Fixemos actividades para saber empaticizar. Nestas sesións experimentamos situacións para poñernos no lugar do outro e para comprender outros puntos de vista. Tamén aprendemos técnicas para controlar a ira, a raiba, a tristeza, ...



Por último, traballamos a reformulación. Nestas sesións realizamos dinámicas para reformular as mensaxes, e dicir, expresarnos de forma positiva para resolver un conflito .

Todas estas dinámicas servirannos no futuro para axudar e ser máis amigables cos nosos compañeiros e para mediar nos conflitos.



**ENTREVISTA ÁS NOSAS FORMADORAS EN MEDIACIÓN**

Os nenos e nenas de 5ºB fixemos unha entrevista ás formadoras en mediación escolar. Os días previos, cada un de nós, pensamos preguntas relacionadas coa súa formación e o proxecto que levaron a cabo. Despois, entre todos, seleccionamos as que nos pareceron máis interesantes .



**Bo día chicas, antes de comezar coas preguntas , queremos saber o voso nome completo?**

**Ana:** Ana Iglesias Azurmendi.

**Macarena:** Macarena Martínez Valladares.

**Cales son os vosos estudos? Correspóndese o que estudastes co que queriades ser de pequenas?**

**Ana:** Eu son Mestra especialista en Educación Infantil. Cando era pequena quería ser mestra, pero non tiña clara a especialidade, decidín facer Educación Infantil xa de maior.

**Macarena:** Licenciada en Psicoloxía, que era o que quería ser de pequena.

**Estades realizando este proxecto noutros colexios?**

**Ana:** Eu só estou a intervir co proxecto neste colexio.

**Macarena:** Eu, en cambio, estou participando noutros coles. O que teñen en común todos estes colexios é que son Centros Asociados da UNESCO.

**Que foi o máis difícil do proxecto? É o máis doado?**

**Macarena :** O máis complicado foi aprenderse o nome de todos vós, xa que foron varios cursos os participantes.

O máis doado foi a parte da reformulación, aprendestes moi rápido a facelo.

**Consequestes os obxectivos con nós?**

**Ana:** En principio sí, pero teremos que ir preguntándolle a vosa mestra se aplicades o aprendido cando teñades un conflito no centro.

**Nós aprendemos moitas cousas novas con esta experiencia. Vós, aprendestes algo novo ?**

**Macarena e Ana:** Aprendemos moitísimo con vós, xa que foi una experiencia nova . Foi moi interesante ver o rápido que aprendestes a reformular.

**Grazas por adicarnos este tempo, un pracer aprender con vós.**


# O SALÓN DO LIBRO

O XOVES 16 DE MARZO, VISÍTAMOS O SALÓN DO LIBRO DE PONTEVEDRA, ESTE ANO A TEMÁTICA FOI **“O MUNDO QUE QUEREMOS”**. OS NEN@S DE INFANTIL DESEXAMOS UN MUNDO LIMPO E NO QUE TODOS RECICLEMOS , E PARA ISO INVENTAMOS ENTRE TOD@S UNHA SUPERHEROÍNA, **“A SUPERHEROÍNA RECICLADORA”** .



SUPER  
HEROÍNA

# ALCOUVE





# ALCOUVE



SAND AMOS A ÓRBIL



ESCOITAMOS A RAQUEL QUERZAS



VISITAMOS O NOSO TRABALLO

# O TIBURÓN MAX

Esta historia sucedeu fai moito tempo no medio do Océano.

Un día de verán, dúas sereas e dous seres estaban tomando o sol nunhas rochas, cando de repente veiron unha sombra e aparecerelles un tiburón chamado Max.

Max era moi roquetón e moi bromista, e gustáballe bastante facer traxadas.

Un día díxolle ao grupo de sereas e seres que se ía mudar a outro lugar preto de alí.

Todos quedaron intrigados e decidiron averiguar cal sería ese lugar e decidiron perseguilo.

Ian todos nadando detrás del e, de pronto, perdéronno.

Xa ían volver para o seu océano cando de súpeto un tiburón deu un salto enorme por encima deles.

Era Max, que quería ensináilles que aprende-ra a facer o triple salto mortal.

Desde aquel día, Max xuntábase co grupo todos os xoves para ensinarlles a facer o que el sabía.

Carla .A

Patricia

Ireney

Antig

Enikó

3º A

ALCOUVE



## SAMAÍN

Este outono ocorreu algo moi terrorífico no cole de Cabanas. Arañas, esqueletos, morcegos, zombies, bruxas, pantasmas e cabazas... moitas cabazas inundaron o centro convertíndoo nun divertido escenario de película de terror.



Todos e todas presentámonos este día coas nosas mellores e máis terroríficas galas



**SAMAÍN**

Durante todo o día vimos pelis de medo, bailamos e xogamos momias e vampiros todos xuntos. Algúns fixemos máscaras, outros bonecos que parecían saídos das entrañas da terra e outros inventamos historias de terror coas que asustar e divertir aos nosos compañeiros e compañeiras.

Unha destas historias que inventamos os nenos e nenas de primeiro podédela ver na seguinte dirección web:



<https://www.youtube.com/watch?v=lAtgkW3zXtI>

Xa estamos desexando que chegue o próximo samaín para sacar o noso lado máis espeluznante e simpático.



**FELICES PESADELOS UHHHHHHHHHHH!**

# O MAGOSTO

## O NOSO MAGOSTO.

- O 11 de novembro celebramos no cole o magosto.  
Esta celebración fíxose despois do recreo no patio do colexio.

Antes de baixar nós fixemos na clase unha manualidade para coller as castañas.

As nenas e nenos de 6º, coa axuda dos mestres de EF, tiñan o patio repleto de xogos tradicionais.

A nós gustounos especialmente o de tirar cunha pelota de papel as botelliñas que tiñan as caricaturas dos mestres... Por que sería?...; aínda que os demais: tragacastañas, birlos, pesca, circuitos etc estaban tamén moi divertidos.

Mentres nós xogabamos o profe J. Luis Toño e o profe Miguel axaban as castañas. Ao acabar repartíronnas, coméndonas en grupo e ao rematar axudamos aos pequeniños de infantil a pelalas.

Como sobrou un chisco de tempo aproveitámonos para facer unha mini-sesión discoteca con música moderna.

FOI UN DIA XENIAL!

Nenos e nenas de 3ªA.

**ALCOUVE**



**ALCOUVE**





## Teatro de sombras



Este ano os alumnos de 5ªA decidimos sorprendere ós nosos compañeiros de Ed. Infantil e de 1º e 2º de primaria con unha actuación moi especial. Coincidindo coa casualidade de que moitos de nós, temos moitos irmáns pequenos neses cursos, puxémonos a preparar unha obra de teatro en sombrar chinas a partir de contos tradicionais pero cun toque final moi moi... Como dicilo? "diferente"!!

Primeiramente construímos o escenario para a representación cun marco de madeira ó que lle puxemos unha pantalla de papel, sobre este marco, abrazamos unhas luces coas que proxectala sombra das figuras.

A continuación repartimos os papeis das obras adaptadas do libro "*Cuentos en verso para niños perversos*" de Roald Dahl, logo debuxamos as persoaxes das nosas obras: Cincenta, Carrapuchiña vermella, Tres porquiños e Brancaneves.

As obras deste libro tiñan varias particularidades como que, ademais de graciosas e entretidas, eran en verso e tiñan un final realmente sorprendente que se queredes coñecer podedes pasar pola biblioteca do centro cando queirades.

Despois ensaiamos as obras, unha e cen veces, ata que saíron tan ben que poderíamos optar ós premios galegos de teatro escolar.

Focos acendidos, "premiere" cos compis da clase e... Chegou o gran día. Polo entroido preparamos todo: Puxemos alfombras vermellas no chan, dous nenos encargábanse de prentar as obras, outros dous se puxeron na porta da clase para chamar aos nen@s e un púxose cunha linterna a modo de acomodador dos mellores teatros do mundo.



Tralos vitores e aplausos, a actividade non rematou ahí. Fixemos unha avaliación global, falamos un pouco do resultado concluíndo que case todo saíu ben, pero o mellor foi... que non nos tiraron tomates!!!

Este ano as nenas e nenos de 3º de educación primaria participamos nunha actividade chamada "Aqualogía" para concienciarnos na importancia da auga e o medio ambiente e coñecer os ciclos natural e urbano da auga.

Cos personaxes de "Aqualogía" aprendemos sobre a auga na nosa cidade: como chega ás nosas casas ou que tratamentos debemos facer para poder bebela ou para devolvela ao medio natural.



Aprendemos como funciona o ciclo da auga:

## O CICLO DA AUGA



Aprendemos a non malgastar a auga :



Experimentamos a formación das nubes.



Vaia susto!! A botella estoupou.



Fixemos experimentos sobre a auga:



Conseguimos un diploma e nos regularon unha lebra!!



A AUGA  
MANTENNOS  
SANS E CON  
VIDA!



# PIPIROPO, O ZOMBI FEITICEIRO

Unha noite de verán un grupo de amigos mentres paseaban polo bosque encontraron un esquío que tiña unha noz na boca.

De repente caeuselle a noz e dentro tiña unha carta que dicía:

Ola, son o zombi Pipiropa e vou converter a todos os habitantes de Pontevedra en zombis coma mín.

Quen atope esta carta salearase cos seus sete mellores amigos.

Unha mala noite  
e un bo escape.

A seguinte tarde... todos eran zombis!

De súpeto recordaron a carta, e como o seu mellor amigo era o profe de química do IES Torrente Ballester foron alí para pedirle axuda para fabricar un antídoto.

Ao chegar atopáronse con zombi que vivía na entrada principal e tiveron que entrar pola porta traseira.

Foron directos ao laboratorio e coa axuda do profe fabricaron o antídoto.

# ALCOUVE

Cando remataron subiron ao tellado de IES e tiráronno. Logo todos os zombis volueeron ao seu estado natural, menos Pipiropo que desapareceu por unha vertá.

Todo o grupo de amigos quedou moi intrigado coa maneira de desaparecer do zombi.

Daniá

Miriam


5 ardeos

Mabel

★♥♡  
Marcia

IKER

3º A



# Pequenas **historias** **para grandes** **compañeros/as**




**Relatos curtos**  
**para dormir ben**

Os de 6º



**A lenda de CABANON (Mártir do entroido de Cabanas)**

En 1961 nun lugar de Salcedo naceu un neno chamado Fidel Cabanón Aparisi. Tiña 6 dedos nunha man e 7 na outra e o ollo esquerdo máis grande que o dereito. Cando entrou no colexio os nenos bulrábanse de el e cando foi un pouco máis grande quíxose quitar dous dedos da man dos sete pero a operación non saiu ben e so lle poideron cortar a metade de un. Os nenos decían que fixera a operación para parecer normal pero que era imposible sendo él.



Cabanón era un bo rapaz pero ninguén o entendía, a nai sempre lle dicía que non lles fixera caso que eran uns tontos e non había remedio para curalos da súa tontería. Pero cada vez recibía máis insultos. Procuraba portarse ben e nunca fixo como

Manuel Carnaval que puxo unha trampa no baño para que se mollaran os rapaces pero o que picou foi el e os demais dicíanlle que se fixera pis.



Cando Cabanón tiña 14 anos morreu súa nai e xa non poido darlle forzas, seu pai traballaba moitas horas e non podía atendelo.

O día que cumpriu vinte anos pareceulle que a vida lle iría mellor se se facía malo e quixo probar. No verán atascaba as tuberías da auga para que os veciños quedasen sen ela, queimaba as fincas e roubaba ovos e algunha que outra galiña. Todo o mundo tiña a casa preparada para que Cabanón non entrase pero era moi astuto e sempre o conseguía. Cada vez que alguén o atopaba de noite polo pobo saía correndo e gritando.

Cabanón nunca casou, vivía feliz facendo dano aos demais, todo lle daba igual ata que un día ocorreu o que non está escrito: o 25 de febreiro de 2007 con 46 anos seguía a facer o mal porque non tiña outra cousa en que pensar.

Cando a familia Giménez saiu da casa, Cabanón aproveitou para entrar na súa finca cunha caixa de mistos. A súa intención era queimar os cultivos e despois botarlle auga. Máis tarde iría coller unha galiña ao seu corral pero decidiu cambiar de plans e empezar pola galiña.

Entrou no corral e colleuna coma sempre aínda que desta volta escapouse porque parecía estar tola polo lume.

Cabanón foi detrás dela ata que a galiña freou: detrás tiña



o lume e diante a Cabanón pensando que se se botaba enriba dela collería e non tocaría o lume pero ao facelo a ave fixo un movemento rápido á dereita e Cabanón caeu ó lume. O veciño veuno todo desde o balcón, estaba a piques de chamar á policía, avisou a todo o pobo e montaron unha gran festa.

Ista é a lenda de Cabanón, por iso se queima tódolos anos no colexio polo entroido para celebrar que tivo o seu merecido.

**TEATRO DOS DE 6º PARA OS NOSOS COMPIS DE INFANTIL**

Lembrando o día no que vos lemos contos no patio

**“Amigos á primeira ollada”**

Un mércores coma outro calquera, un rato duns 10 centímetros de altura, con orellas grandes, naris puntiaguda e dentes brancos como perlas, diríxese a Gran Praza dos Ratos. Polo camiño, atópase cun queixo de cor amarelo con pequenos buratos ,de ollos saltóns e meixelas vermellas.

**Rato:** -(Poñendo a man no naris)- Que mal cheiras,queixo !

**Queixo:** - Non oh... Pois ben rico que estou, carafío!

**Rato:** (Achegándose) - Iso non cho vou negar

**Queixo:** -Oooh ... para, para que me vou poñer colorado

**Rato:** - Vale, vale... E... xa que somos amigos, podo probar un anaco de tí?

**Queixo:** (Dubidando) -Home... Claro, claro, aqui tes un cacho dos meus glúteos máximus. Non che importa ,non?

**Rato:** (Abrindo moito os ollos) -Non, oh! Non.

Os dous amigos seguen conversando mentres se dirixen a Gran Praza dos Ratos, comendo un anaco do mellor queixo do mundo sen dúbida.

E... a partir dese día o rato e o queixo son mellores amigos: comen, len, xogan e moitas cousas mais,sempre xuntos.



## GLOTÓN

Ista é a historia dun neno chamado Pepe, aínda que na súa casa todos lle chaman Glotón porque non para de comer gominolas e tortilla.



O día anterior ao das Letras Galegas acabaran o seu traballo sobre o libro “As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas” de Carlos Casares, que é o autor homenaxeado este ano. Cada un tiña que debuxar un personaxe para facer un mural e a Pepe tocoulle Toneladitas, un personaxe co que se sentía moi identificado. Mentres traballaba Pepe non paraba de comer tortilla que era a comida que máis lle gustaba e sen querer manchou todo o debuxo.

Entregoullo á profesora e díxolle coa boca chea : - A que é bonito?-

Claro que sí Pepe –respostoulle a mestra – ademais esas manchas de tortilla danlle o teu toque e o de Toneladitas.

E puxeron cada debuxo no mural.

Ao día seguinte era festivo pero Pepe tivo que ir á súa habitación a buscar a súa mochila porque tiña os deberes sen facer, pero a mochila non estaba. Buscou e buscou pero non a atopou.

- Aparece, por favor, que se me queima a tortilla!

Por moito que o repetiu non a atopou e a tortilla queimouse pero iso non foi excusa para non comela. Enton pensou en que podería tela deixado no colexio e foi correndo ata alí. A porta de entrada estaba aberta, cousa que lle sorprendeu moito, subiu as escaleiras e cando chegou á súa clase estaba a súa mochila e tódolos compañeiros

-Que facedes aquí?-

O mesmo que ti- respostulle un compañeiro

-Quen puido traer as nosa mochilas ata aquí?- preguntou Pepe

-EU!- de súpeto sonou unha voz dentro do armario da clase. Pepe abriu a porta e saiu alguén

-Ola ,chámome Anxa

Anxa! Dixeron todos a vez- ti es unha das personaxes do libro As laranxas,mais laranxas de tódalas laranxas!

Siiii!-afirmou ela

E ao cabo duns segundos soaron varias voces

Ola - dixo Pepe

-Quero tortilla,quero tortilla

Toneladitas! -dixo Pepe sorprendido

Que queredes? Quero tortilla- berrou Toneladitas

Sáiron do armario e Pepe preguntoulles que facían todos ali

-Estamos buscando un experto en facer tortillas porque o Toneladitas xa nos ten fartos- dixo Anxa

Vós tranquilos que Pepón é un experto- aclara un compañeiro

É por certo,o mural quedouvos moi ben- engadiu Anxa

Teño unha idea, podemos facer unha festa xa que hoxe é o Día das Letras Galegas- dixo Pepe

Con tortillas?-preguntou Toneladitas

Poi claro,iso que non falte!-berrou Pepe


Baixaron tódolos compañeiros á cociña mentras os personaxes quedaron na clase. Prepararon 11 tortillas, 7 tapas de polbo, 5 de pementos de Padrón e 6 de calamares. Todos subiron a comida agás Pepe que aproveitou para abrir un caixón que estaba cheo de gominolas e todo tipo de doces. Empezou a comer e non deixou nin un. Cando se deron conta que faltaba Pepe, os compañeiros baixaron a buscalo e mentres tanto Toneladitas comeu toda a comida.

É así se puido decir que Pepe e Toneladitas eran igual de glotóns.

**O porco da miña amiga**

Eu teño unha amiga chamada María que vive en Verín. É alta, loira e de ollos verdes. A súa casa é unha especie de granxa con galiñas, vacas, cabalos e un bebé porquiño que se chama Rosadito.

Os días que vou a súa casa e xogamos ou imos pasear, Rosadito séguenos. É como un canciño. A última vez que vin ao porquiño xa medrara moito e ademais facíase moi raro ver un porco tan grande detrás de dúas nenas pero seguía sendo igual de cariñoso.



Ista é a historia de Rosadito

Cando María e mais eu eramos máis pequenas fumos de excursión a unha granxa na que había ovellas, cabras, cabalos e uns porcos. Tódalas mañás deixabannos muxir as vacas, botarlle de comer ás galiñas, quitarlle a lá ás ovellas ... pero nunca podíamos ir xunto aos porcos porque había pouco que tiveran bebés. Os porquiños chamábanse: Mordisquitos, Manchitas e Rosadito.

Nós sentabamos a miralos e así pasabamos varias horas pero un día Rosadito achegouse e puxémonos a xogar con el. A partires dese momento sempre estabamos pensando na hora de ir xogar co porquiño. O último día deunos moita pena e el tamén estaba moi triste porque xa nos collera moito cariño. Despedímonos e marchamos cara a casa de María. Puxémonos moi contentas porque Rosadito estaba alí pero o pai de María enfadouse moito e chamou á granxa para que viñeran buscar ao porquiño. María botouse a chorar pero non soltaba ao animal así que seu pai chamou aos da granxa e comproulle a Rosadito.

Aquel día fumos as nenas máis felices do mundo.

**Troniños**

Érase unha vez un zoo, o zoo mais grande do mundo. Alí había todos os animais que vos poidades imaxinar: koalas, pingüíns, cebras, xirafas, osos mapaches, canguros... e un elefante moi especial. Chamábanlle Troniños (porque lle daban moito medo os tronos ). Eu tomeille moito cariño despois de ter ido a ese zoo unhas vinte veces. Ao cabo duns anos o zoo pechou



por falta de diñeiro e por non poder alimentalos. Algún animais chegaron a morrer. Puxeron en venta aos pouquiños que aínda quedaban vivos e todos foron marchando pero a Troniños ninguén o quería porque xa estaba moi vello. Despois dun mes conseguín os cartos e compreino sin saber onde o ía gardar. A xente pensaba que

estaba tola por ter de mascota a un elefante pero para min Troniños era coma un fillo.

Uns meses despois escapou e tardaron semanas en atopalo; Eu estaba moi asustada pero un bo día chamoume una veciña para decirme que xa o localizaran.

Troniños tiña pequenas feridas dos golpes que se dera contra os muros das casas e as farolas. O antigo dono do zoo veu a miña casa a visitar a Troniños pero cando estaba a piques de marchar díxome que me compraba a Troniños por mil euros.

Boteino a patadas porque eu non o cambio por nada do mundo.

## "A ARCA DE NOÉ"

Este ano fumos a ver unha obra de teatro, "A arca de Noé" no Salón do Libro de Pontevedra.

Á obra asistiron o alumnado de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de primaria.

Cando todos estabamos sentados no noso asento, empezou o espectáculo: todo estaba en silencio e apareceu unha actriz que interpretaba a todos os persoaxes da actuación. Había un mozo que tocaba uns instrumentos que facían máis interesante a obra.



Esta actuación fíxonos recordar a maravillosa historia de Noé. Foi o único que creeu na palabra de Dios e construiu a arca máis fermosa do mundo.

Na arca meteu dous animais de cada unha das especies de todo o mundo.

Toda a Terra inundouse pero Noé, a súa familia e os animais sobreviviron a aquela catástrofe que ocorreu.

Así acabou esta preciosa obra teatral

NOA E NATALIA (4º DE PRIMARIA)



## Coñecemos o sexto edificio do Museo de Pontevedra



O día 15 de febreiro, os nenos e nenas de 2º de primaria, acompañados polas nosas titoras (Ana e Dori) e polas mestras Aurora (Relixión) e Eva (Pedagogía Terapéutica) fomos de visita ao Museo de Pontevedra.

O programa “Coñece o Museo de Pontevedra” levouse a cabo ao longo do ano 2017 coa finalidade de achegar aos escolares de todas a provincia, a riqueza cultural da colección do museo.

Cando chegamos, dividíronnos en dous grupos.

Cada grupo ía acompañado de dúas profes e dunha guía do museo.

Déronnos un caderno (“Da paleta ao lenzo”) a cada un, para ir cubrindo mentres faciamos a visita.



Nestas actividades fóronnos ensinando os utensilios que tradicionalmente empregaban os pintores e, ao mesmo tempo, comentáronnos outros aspectos pictóricos dunha selección de obras do Museo.

Vimos cadros de diferentes autores, como: Joaquín Sorolla, Manuel Quiroga, Luis Seoane, etc.


Unha das salas que máis nos gustou, foi a adicada a Castelao.

Realmente, foi una visita interesante que non dubidariamos en volver repetir.



# OS PEQUECOCIÑEIROS

OS **PEQUECOCIÑEIROS** DURANTE ESTE CURSO TIVEMOS MOITO TRABALLO. COCIÑAMOS:



PASTEL DE OUTONO



RENO DE NAADAL

# ALCOUVE



CHARLES CHAPLIN



## ESTRELLA DE MAR

INGREDIENTES:

- 1 PAN 
- 2 MERMELADA 
- 3 BIROPE 
- 4 LACABITOS 

ESTRELLA  
DE MAR

# LIDL Aprende a comer san FRUITITOUR

Lidl levou a cabo una iniciativa no ano 2016 para ensinar a todos os nenos e nenas a comer san.

*O seu lema é 5 ao día!!!!*



Na escola, xa estudiamos a pirámide alimenticia, pero non estivo nada mal recordala xogando!!!

O día 15 de decembro, chegou ao aparcamento do colexio un autobús que nos deixou abraiados... e aínda quedamos máis pasmados cando estivemos dentro, xa que non tiña asentos, o que atopamos alí, foi unha cociña cunha mesa enorme, chea de froitas e verduras.

Ensináronnos: laranxas, mangos, pomelos, piñas, uvas, amorodos, granadas...

Tamén nos ensinaron unha verdura que non coñecemos, o **romanesco**, que se parece un pouco ao



Despois de aprender cousas novas sobre as froitas e as verduras... fixemos un delicioso batido con plátano, mazá, amorodo e leite.

Estaba boísimo! Uhhmm



E para rematar, saímos ao patio para facer un pouquiño de exercicio... que tamén é imprescindible para ter unha boa saúde.

*Pasámolo moi ben nesta actividade!*



# OS PEQUES FAN CINE

ESTE CURSO A BIBLIOTECA ESCOLAR TEN POR LEMA: "BIBLIOTECAS ESCOLARES TERRITORIO DAS ARTES", E COMO O CINE É UNHA ARTE OS NENOS DE 5º E 6º DE INFANTIL DECIDIMOS FACER UN PROXECTO PARA COÑECER A CHARLES CHAPLIN E REMATAR O TRABALLO FACENDO UNHA PELI COMA AS QUE FACÍA EL.

PARA ESO:



INVESTIGAMOS

ELABORAMOS  
O GUION



FIXEMOS O  
STORYBOARD

ENSAIAMOS  
GRABAMOS E  
A PELI



PRESENTAMOS  
O TRAILER



PEGAMOS  
OS CARTEIS

ESTREAMOS  
A PELI



"CHARLOT e VIOLETA"




This year we read some books in English:

MY FAVOURITE BOOK

TITLE: NEW YORK  
 PAGES: 31  
 CHARACTERS: JANE, ALEX AND DAN  
 PLACE PUBLISHED: LONDON  
 PUBLISHER: MACMILLAN  
 DATE: 2012  
 AUTHOR: PAUL SHIPTON

NEW YORK, ADVENTURE  
 IN THE BIG APPLE

MIGUEL 5




NEW YORK 2017

THIS BOOK IS ABOUT:

This book is about the city of New York. It has got two parts. The first part is a description of this city and the other part is about an adventure in the big apple.

In the second part of the story, three boys; Jane, Alex and Dan visit New York. They visit the statue of liberty and central park.

The first part tells us where New York is, the famous places of the city; Manhattan, The Bronx, Staten Island, Brooklyn and Queens, The most famous buildings, Chinatown, the Subway, the famous yellow taxis, the underground, the ferries between manhattan and the other parts of new york city...




A BUILDING

NYC



EMPIRE STATE BUILDING



BY MIGUEL BOVEAS RODRIGUEZ

CHINATOWN  
 半家自  
 4 丹 3 十 人

# LIBROS QUE DEIXAN PEGADA

# UN VERAN DE LECTURAS

CEIP CABANAS-SALCEDO



<http://alcouvebiblioteca.blogspot.com.es/>

Xuño, 2017


## INFANTIL



"15 son quince"  
Ed. Anaya



"Quen lle ten medo a Carapuchiña vermella"  
Ed. LINTEO



"Cantarolas"  
Ed. Kalandraca



"Colores"  
Ed. Kókinos



"La vaca que se subió a un árbol"  
Ed. Gemma Merino



"El rebaño"  
Ed. La fragatina

## 1º CICLO



"Papá se casó con una bruja"  
Ed. Bruño



"Gatito y las vacaciones"  
Ed. Kalandraca



"Teño medo!"  
Ed. OQO



"De que color es un beso"  
Ed. Algar




"Felipe tiene gripe"  
Ed. Jaguar

## 2º CICLO



"Hilo de Hada"  
Ed. Edelvives



"A cociña de Toto Murube"  
Ed. Planeta



"Caidos do mapa"  
María Inés Falconi



"Cuentos para todo el año"  
Ed. anaya



"La cola del dragón"  
Ed. Salvatella

## 3º CICLO



"Me parto"  
Ed. La Galera




"A verdadeira historia da mosca da tele"  
Ed. Galaxia



"Diario de Niki"  
Ed. Molino



"Esmeraldina a pequena defunta"  
Ed. Xerais



"El diario de Rywka"  
Ed. Nube de tinta

## eómic



"Fenn y la pera"  
Ed. Mamut



"Trik Trak"  
Ed. Mamut



"Colección Marcopola"  
Ed. Xerais



"Miga"  
Ed. Mamut



"Los tres mosqueteros"  
Ed. Ex-Libris

*Este é o noso alcouve xa maduro*



*Bicos e apertas para todos!!!*